

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, taboas informativas e outros tipos de formato relativos ó presente e ó pasado.
- Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sostible, aplicando proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas.
- Identificar os elementos do entorno e comprender o seu funcionamento por medio das relacións naturais e humanas, presentes e pasadas.
- Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual.
- Recoñecer os rasgos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a través da investigación e a análise de fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos.
- Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos, utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.
- Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos; asimismo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente.
- Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e la defensa dos valores constitucionais e democráticos.
- Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridas, elaborando síntesis interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossiers informativos, que reflexen un dominio e consolidación dos contidos tratados.
- Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.
- Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sostible, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garantizan a seguridade integral e a convivencia social.

CONTIDOS

- Obxectivos de desenvolvemento sostible. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos.
- Globalización. Os movementos migratorios e a interculturalidade no ámbito mundial. Conflictos ideolóxicos e etnoculturais.
- Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.
- Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e síntesis.
- Análise comparado do espazo natural, rural e urbano. Evolución en España e Galicia e os retos de futuro.
- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores productivos na Unión Europea, España e Galicia.
- Incertidumes ante o crecemento, a empleabilidade e a sustentabilidade.
- Igualdade de xénero. Actitudes e comportamentos sexistas.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea.
- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.
- A industrialización en Europa e España. Evolución dos sistemas económicos.
- Os ciclos e rexímenes demográficos. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.
- O problema da despoboación rural. Ordenación do territorio e transformación do espazo. Protección do medio natural.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX. Respeto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Organización política das sociedades. Cidadanía europea e cosmopolita.
- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social.
- Implicación na defensa e protección do medio ambiente e do patrimonio.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- a) 70%: media dos resultados das probas escritas (unha ou dúas por unidade didáctica) nas que se valorará a adquisición das distintas competencias clave segundo os criterios de avaliación e os contidos. Terase en conta a correcta presentación, ortografía e expresión.
- b) 20%: media das producións do alumnado nas que se valorará a presenza/ausencia de contidos, presentación, grao de resolución acadado nas actividades e a adecuada cumplimentación dos guións de actividades de clase e complementarias. Utilizaranse diferentes instrumentos de avaliación.
- c) 10%: actitude na clase fronte a materia e a interacción na aula. Valorarase a participación, o interese por realizar con puntualidade as tarefas, o coidado do material e o comportamento respectuoso co alumnado, profesorado e resto da comunidade escolar. Utilizarase unha rúbrica para cualificar esta porcentaxe.